



4º ENCONTRO

CELME DE ZANFONA



DEPUTACIÓN
DE LUGO



centrad
Centro de Artesanía e Deseño

VICEPRESIDENCIA

Centro de Artesanía e Deseño · Rúa Chantada s/n LUGO 27004 · 982 210 066 · www.centrad.org

4º ENCONTRO **AO REDOR DA
ZANFONA**

CELME DE ZANFONA



12-15 · SETEMBRO · 2024
CENTRAD · LUGO



ORGANIZA



COORDINA

Luciano Pérez Díaz

Colección de instrumentos musicais e arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo

Os cegos cantores, portadores da esencia das músicas de tradición oral desde a Idade Media, son os protagonistas deste **IV CELME DE ZANFONA 2024**.

Estes músicos itinerantes segundo Joaquín Díaz sempre tiveron interese en non ser confundidos con pobres e vagabundos, por iso trataron de crear un mercado co que espertar constantemente a atención do público. Unha colección de Pregos de cordel do Arquivo Castro Vicente permitíranos observar de preto as cualidades formais, editoriais, literarias e relativas á estampa.

Contaremos cun espectáculo teatralizado que recrea a alianza dos cegos cantores coa arte dos monicreques. Esta montaxe de Quico Cadaval para o Museo de Pontevedra rescata o romance que os membros do Seminario de Estudos Galegos escribiron en 1935 para o irmán Castelao, desterrado en Badaxoz. O romance chegaralle encarnado nun cantor e nunha marionetista. Asemade, descubriremos unha nova artista emerxente e un romance dun destacado poeta tristemente esquecido.

Dos audiovisuais deste ano, destaca unha produción do Consello da Cultura Galega que rememora os inicios da metamorfose da zanfona, na época da transición política, aspecto no que o obradoiro da Deputación de Lugo foi pioneiro e protagonista principal, nun traballo que chega ata os nosos días por medio da Colección de instrumentos musicais. Unha época moi emocionante, creativa e de compromiso coa tradición e na que iniciamos varias experiencias, con diferentes colectivos de persoas, nas que os sentidos da vista, o oído ou a mobilidade constituían barreiras e limitacións; así, no ano 1979, seguimos o ronsel da célebre “Escuela de sordomudos y ciegos”, de Santiago de Compostela, na que se impartía clase de zanfona e que chegou a acoller 10 alumnos/as da provincia de Lugo; precisamente un dos seus estudantes destacados no acordeón, o violín e a gaita foi Eladio Fernández Rodríguez -o cego de Aldixe- nado en Abadín no ano 1927.

Neste contexto e, coincidindo co Día Internacional da Discapacidade, programamos unha nova exposición para acoller a visión actual que os estudantes teñen dos vellos métodos de difusión, á que porá fin, neste amplo Celme de zanfona, un excelso traballo documental e musical de Pancho Álvarez, poñendo en relevo a figura de Florencio -o cego da Fontaneira.

xoves ~ 12 setembro 2024

19.30 h INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN

PREGOS DE CORDEL: CRIMES, MONSTROS E MILAGRES

Efrén Castro. Deputado da Área de Artesanía e Deseño

Félix e Castor Castro Vicente. Comisarios da exposición

venres ~ 13 setembro 2024

16.00 h RECEPCIÓN E PRESENTACIÓN

Efrén Castro. Deputado da Área de Artesanía e Deseño

Luciano Pérez. Coordinador CELME DE ZANFONA

16.30 h a 19.30 h CLASES MAXISTRAIS DE ZANFONA

Sala CENTRAD ~ 15 alumnos

Recursos técnicos e expresivos, escalas modais e introdución á improvisación.

Anxo Pintos

20.00 h CONCERTO

Capela de Santa María

Actividade teatralizada: ROMANCE DE UNHA FATAL OCASIÓN

Texto de **Filgueira Valverde** sobre un escrito dos membros do Seminario de Estudos galegos.

Evaristo Calvo no papel de Castelao

Cantos e músicas con **Francisco do Romualdo**

Teatro de marionetas de **Larraitz Urruzola**



sábado ~ 14 setembro 2024

Sala CENTRAD

9.00 h a 12.00 h CLASES MAXISTRAS DE CANTO

15 alumnos

Recreación da música do cego Cecilio Casabella Vázquez de Frexulfe, O Valadouro.

Miro Casabella

12.00 h DESCANSO

12.30 h a 14.00 h CONFERENCIA

OS CANTOS DE CEGOS NOS CACIONEIRO GALEGOS: percorrido polos cancioneros de Galicia, con especial atención ao repertorio de cantos de cegos, tipoloxías, xéneros vinculados e características musicais.

Iván Abal Pulleiro

14.30 h COMIDA

16.30 h VISITA GUIADA

Exposición PREGOS DE CORDEL: CRIMES, MONSTROS E MILAGRES

Félix e Castor Castro Vicente, comisarios da exposición

17.30 h RELATORIO

CANTOS DE CEGO E FOLHETOS DE CORDEL EN PORTUGAL.

César Prata

18.30 h Proxección do documental

NA PROCURA DO SON PERDIDO. A ZANFONA, MEMORIA DA TRANSICIÓN
**Consello da Cultura Galega, aCentral Folque, Xosé Luís Rivas Cruz,
Luciano Pérez**

20.00 h CONCERTO

Capela de Santa María

CANTOS DE CEGO
DA GALIZA E PORTUGAL

Ariel Ninas

voz, zanfona,
harmónicas,
percusións

César Prata

voz, guitarras,
adufe



domingo ~ 15 setembro 2024

9.00 h a 12.00 h CLASES MAXISTRAS DE ZANFONA

Sala CENTRAD ~ 15 alumnos
Repertorio, dixitacións e recursos.
Óscar Fernández

12.30 h a 13.30 h CONCERTOS

Capela de Santa María

Espazo destinado as/aos instrumentistas emerxentes e novas na creación musical, proporcionando un escenario estable.

O CRIME DA LEITEIRA NICOLASA
de **Xosé María Pérez Parallé**.

Carme Romero Díaz: música, guitarra e voz.
Javier Díaz Carrasco: arranxos e acordeón.

LUCÍA DA CONCEIÇÃO FERNÁNDES, A CEGA DO COVELO.
María López Carballo: Voz, zanfona, gaita e frauta.

María López



ACTOS COMPLEMENTARIOS Contextos

PASE DE IMAXES A ZANFONA NA REDE, A DISCAPACIDADE

Traballo de recolla da pegada que os artesáns-artistas foron deixando do instrumento ao longo da historia. **Francisco Maañón**

EXPOSICIÓN TEMPORAL DE PREGOS DE CORDEL

CRIMES, MONSTROS E MILAGRES

préstamo do Arquivo Castro Vicente, colabora **Francisco Rodríguez Fernández**
Sala A CAPELA DE SANTA MARÍA, do 12 de setembro ao 31 de outubro de 2024

EXPOSICIÓN TEMPORAL DE PREGOS DE CORDEL

INTERPRETACIÓN DOS ESCOLARES

Convocatoria coincidindo co día da discapacidade no calendario escolar, o 3 de decembro.
Sala CENTRAD, do 15 de novembro ao 13 de decembro de 2024

ACTOS DE INAUGURACIÓN 15 de novembro

19.00 h Proxección do documental “Florencio, o cego dos Vilares”.

20.00 h Concerto na sala Capela de Santa María

Pancho Álvarez e invitados

ACTOS DE CLAUSURA 13 de decembro. Sala CENTRAD

11.00 h Visita guiada a Colección de instrumentos musicais. **Cristina Barreiro**

11.30 h Obradoiro de xoguetes sonoro. **Francisco Maañón**

12.30 h Entrega de agasallos 3 colexios finalistas.

INSCRICIÓNS

a través do correo-e:
celmedezanfona@gmail.com

CLASES MAXISTRAIS

As inscricións nas clases maxistras serán por rigorosa orde de chegada das solicitudes, ata un número máximo de 15 persoas por curso. No caso de ter interese en participar en máis dun curso, fai constar a orde de preferencia e comunicarémolosche en cales tes praza ao finalizar o prazo de inscrición.

A **data límite** para inscribirse é o **domingo 8 de setembro**

Datos necesarios:

Nome e apelidos

Número do documento de identidade

Número de teléfono

Clases maxistras ás que queres acceder

XANTAR

Se desexas **anotarte para o xantar** conxunto do **sábado** encargámonos da xestión da reserva nun restaurante que dispón de menú a prezos populares. **Mándanos un correo-e a este mesmo enderezo, indicando os teus datos.**